

CONVOCATORIA ORDINARIA DE PRAZAS DE ALOXAMENTO DO SERVIZO UNIVERSITARIO DE RESIDENCIAS DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O CURSO 2022-2023

Co obxecto de dar cumprimento ao título segundo do Regulamento do Servizo Universitario de Residencias (SUR), o Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela aproba a convocatoria de prazas de aloxamento para o curso académico 2022-2023.

1. PRAZAS ASIGNADAS A CADA SECTOR

O número total de prazas que se ofertan nesta convocatoria 2022-2023 ascende a 1.002 repartidas por grupos e sectores tal e como se mostra na seguinte táboa:

Sectores	Grupo I		Grupo II		TOTAL PRAZAS
	Nº de prazas	%	Nº de prazas	%	
Estudantes de Grao	798	82,09	61	6,27	859
Estudantes de Máster Universitario Oficial	45	4,62	3	0,30	48
Estudantes de Programas de Doutoramento a tempo completo e Investigadores en Formación	17	1,74	6	0,61	23
Estudantes de cursos de Posgrao Propios	4	0,41	1	0,10	5
Membros da comunidade universitaria con necesidades educativas específicas derivadas dunha condición de discapacidade.	25*	2,57	7*	0,72	32*
Persoal docente e investigador e Persoal de administración e servizos	----	----	5	0,51	5
TOTAL	889	91,47	83	8,53	972

* Neste apartado está incluída a oferta de 13 prazas en cuarto adaptado

2. COTAS E PREZOS

En función da Renda Persoal Dispoñible (RPD), calculada segundo a puntuación económica publicada nas Bases da convocatoria ordinaria de prazas de aloxamento do SUR aprobadas polo Consello de Goberno o 30 de abril de 2021, establécense as seguintes cotas e prezos para esta convocatoria:

GRUPO I			
RPD	Cota	Prezo / mes	
		Cuarto Individual	Cuarto dobre compartido
Ata 2.500 €	A	62 €	46 €
Entre 2.500,01 € e 3.800 €	B	97 €	74 €
Entre 3.800,01 € e 5.050 €	C	124 €	104 €
Entre 5.050,01 € e 6.500 €	D	160 €	140 €
Entre 6.500,01 € e 8.999,99 €	E	219 €	171 €
Desde 9.000 €	F*	292 €	251 €

*Cota dos/as bolseiros/as do Ministerio de Educación e Formación Profesional co compoñente de residencia.

GRUPO II		
Cota	Prezo / mes	
	Cuarto Individual	Cuarto dobre compartido
F	292 €	251 €

Os prezos correspondentes aos membros da comunidade universitaria con necesidades educativas específicas derivadas dunha condición de discapacidade terán unha bonificación do 10% respecto das contías que figuran no cadro anterior.

3. SOLICITUDES, LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN

Solicitud

A solicitude deberá cumprimentarse no formulario accesible por vía telemática que figura na páxina web: <http://www.usc.es/gl/servizos/sur/convocatorias.html>

Os/as estudantes de nova admisión poderán solicitar praza para o grupo I e para o grupo II marcando as dúas opcións no mesmo impreso.

Presentarase unha única solicitude por persoa, agás no caso de solicitar praza nos dous campus (un formulario para Santiago e un formulario para Lugo).

Lugar

As solicitudes presentaranse a través da páxina web citada no parágrafo anterior. Os/as estudantes e demais membros da USC poderán asinar a solicitude coas súas credenciais de usuario e contrasinal da USC.

O resto das persoas interesadas poderán asinar cun dos sistemas de firma electrónica aceptados pola USC (certificado electrónico: DNle, FNMT ou Cl@ve).

A solicitude darase por presentada cando, unha vez asinada, se xere o resgardo correspondente.

Prazo de presentación

O prazo de solicitude permanecerá aberto **dende o día da publicación ata as 14.00 horas do 28 de xuño de 2022**

4. DOCUMENTACIÓN QUE DEBE ACOMPAÑAR AS SOLICITUDES

As persoas solicitantes de readmisión sen cambios nos membros da unidade familiar, unicamente deberán realizar a solicitude a través do formulario accesible por vía telemática na páxina web, sen necesidade de achegar ningunha documentación.

O resto dos/as solicitantes deberán achegar, ademais do formulario de solicitude, a documentación que lle corresponda segundo o indicado no **punto 6.** das Bases da convocatoria ordinaria de prazas do SUR.

https://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/servizos/sur/descargas/2021_2022_CONVOCATORIA_XERAL/BASES_Borrador_v2REV_SNL.pdf

5. INDICACIÓNS SOBRE O PROCEDEMENTO DE PRESENTACIÓN E O FORMULARIO DE SOLICITUDE

Os/As estudantes de readmisión sen cambios nos membros da unidade familiar, despois de encher o formulario da páxina web, asinarán coas súas credenciais de usuario e contrasinal da USC, finalizando o proceso de solicitude e xerando o resgardo correspondente.

O resto dos/as solicitantes deberán achegar ao enderezo web do apartado 3. desta convocatoria, o formulario de solicitude asinado por todos os membros da unidade familiar, así como o resto da documentación que lle corresponda, en formato .PDF.

Cando todos os membros da unidade familiar dispoñan dun dos sistemas de firma electrónica aceptados pola USC, poderán asinar o formulario de solicitude para achegalo co resto da documentación a través do enderezo web.

Cando algún membro da unidade familiar non dispoña de certificado electrónico, poderá imprimir o formulario de solicitude en papel e, posteriormente achegalo en formato PDF a través do enderezo web. Os/as solicitantes que acheguen o documento asinado en papel, terán a obriga de entregar a orixinal **cando se lle requira**.

6. PROCEDEMENTO PARA O CÁLCULO DA PUNTUACIÓN ACADÉMICA E ECONÓMICA

Os criterios para o cálculo da puntuación académica e económica serán os establecidos no punto 4. das Bases da convocatoria ordinaria de prazas do SUR aprobada polo Consello de Goberno o 30 de abril de 2021.

A puntuación económica virá dada pola renda familiar (RF), que se obterá por agregación das rendas de cada un dos membros computables da familia do/da solicitante.

1. Para a admisión:

Teranse en conta as rendas familiares (RF) do exercicio **2020** que se calcularán por agregación das rendas de cada un dos membros computables da unidade familiar:

- a) Rendas dos membros computables que presentasen declaración polo Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas:
 - i. Sumarase a base imponible xeral coa base imponible de aforro, excluindo todos os saldos netos negativos de ganancias e perdas patrimoniais de 2016 a 2019 e o saldo neto negativo de rendementos de capital mobiliario de 2016 a 2019 a integrar na base imponible do aforro.
 - ii. Deste resultado restarase a cota resultante da autoliquidación.

O resultado obterase dos recadros da declaración do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas do exercicio 2020: 420+432-421+424+429-430-425-595.

- b) Nas rendas dos membros computables que non presentasen declaración valoraranse os ingresos brutos de todo tipo (salarios, rendementos do capital mobiliario, etc.). Do resultado restaranse os pagos a conta efectuados.

O resultado final dividirase polo número de membros computables da unidade familiar a 31 de decembro de 2020. É dicir, a renda persoal dispoñible (RPD) = RF/nº membros computables.

2. Para o cálculo das cotas das prazas do grupo I:

Teranse en conta as rendas do exercicio do ano **2021**, que se calcularán de acordo co procedemento descrito no apartado anterior.

7. ADXUDICACIÓN DAS PRAZAS

As listas e relacións ás que se refire este punto publicaranse no Taboleiro de anuncios electrónico da USC. Poderase acceder a estas relacións a través das ligazóns publicadas na páxina web: <http://www.usc.es/gl/servizos/sur/convocatorias.html>

Listas provisionais

Unha vez procesadas as solicitudes, o **27 de xullo** publicarase a lista provisional de solicitantes admitidos/as a trámite e excluídos/as. Na relación figurará a súa puntuación, a orde de preferencia dos centros que marcasen na súa solicitude e, de ser o caso, a causa que motiva a exclusión.

Os/as interesados/as dispoñen de prazo **ata o 7 de agosto** para emendar a súa solicitude e entregar a documentación requirida, ou que estimen oportuna, para completar a solicitude.

O lugar de entrega da documentación será o enderezo web indicado no punto 3 desta convocatoria.

Listas definitivas

O **9 de agosto** publicaranse as listas definitivas de admitidos/as en cada centro, a lista de agarda e a relación de excluídos/as.

A admisión e asignación de centro farase segundo a preferencia dos/as estudantes ordenados por puntuación.

As persoas que queden na lista de agarda e desexen seguir optando a unha praza no SUR, teñen de prazo para confirmalo **ata o 16 de agosto** por medio do formulario que figura na páxina web. De non facelo, entenderase que desisten da súa petición e de permanecer na lista de agarda.

8. PAGAMENTO DA FIANZA PARA A RESERVA DA PRAZA

As persoas admitidas deberán aboar a cantidade de **150 €** en concepto de fianza de reserva de praza **entre o 9 e o 16 de agosto**.

O pago poderá realizarse accedendo ao formulario que figurará na páxina web:

<http://www.usc.es/gl/servizos/sur/convocatorias.html> por medio de tarxeta de crédito ou de débito, ou imprimindo o recibo de aboamento bancario que deberá facerse efectivo no banco que nel figura. De non cumprirse este trámite enténdese que renuncia á praza concedida.

O pagamento da fianza dunha praza do Grupo II supón a renuncia á praza solicitada no Grupo I, e viceversa.

9. CAMBIO DE CENTRO

Os/as solicitantes de readmisión, se lles interesa cambiar de centro, deberán marcalo na súa solicitude de readmisión. Esta petición será valorada coas solicitudes de nova admisión.

O alumnado de nova admisión interesado en pedir cambio de centro terá que solicitalo no momento de realizar o pagamento da fianza.

10. MOVEMENTO DA LISTA DE AGARDA E CAMBIOS DE CENTRO

O **18 de agosto**, publicarase o primeiro movemento da lista de agarda e, de ser o caso, os cambios de centro solicitados.

As persoas admitidas terán de prazo **ata o 21 de agosto** para facer efectivo o pagamento da fianza, seguindo o indicado no punto 8. desta convocatoria.

O **23 de agosto**, publicarase o segundo movemento da lista de agarda e, de ser o caso, os cambios de centro solicitados.

As persoas admitidas terán de prazo **ata o 28 de agosto** para facer efectivo o pagamento da fianza, seguindo o indicado no punto 8. desta convocatoria.

De ser necesario, faranse novos movementos da lista de agarda ata completar a adxudicación do número de prazas convocadas.

11. DURACIÓN DA ESTADÍA

Poderán ocupar a súa praza **dende o 1 de setembro de 2022 ata ao 31 de maio de 2023**, e unha vez rematado este período, os/as residentes/colexiais que desexen continuar no SUR deberán solicitalo e aboar o importe correspondente.

12. DEVOLUCIÓN DE FIANZAS

O prazo para solicitar a devolución da fianza por renuncia á praza sen causa xustificada será **ata o día 1 setembro de 2022**.

As renuncias posteriores a esta data, unicamente terán dereito á devolución da fianza en casos excepcionais e debidamente xustificadas, ou cando así o acorde a Comisión de Garantías.

13. ADXUDICACIÓN DE COTAS

Durante o mes de setembro, agás que se produza algunha dificultade técnica que impida a obtención de datos por parte das administracións tributarias, publicarase no Taboleiro de anuncios electrónico da USC e na páxina web www.usc.es/sur as cotas adxudicadas aos/as residentes/colexiais que soliciten praza polo grupo I. No cálculo teranse en conta as rendas do exercicio do ano **2021** de acordo co procedemento descrito no punto 6. desta convocatoria.

O prazo para a reclamación ás cotas adxudicadas será de **10 días naturais** a contar dende a publicación. A reclamación deberá ser motivada. Finalizado o prazo de reclamación, non se terán en conta novas reclamacións ou alegacións.

A Comisión de Garantías, de acordo co artigo 11 do Regulamento do SUR, será a encargada de resolvelas e contra a decisión que adopte non caberá reclamación ningunha. Ao longo do curso esta Comisión poderá modificar as cotas adxudicadas para atender situacións excepcionais sobrevidas.

Unha vez resoltas as reclamacións publicarase a lista definitiva de cotas asignadas.

14. INCOMPATIBILIDADES

A axuda nas cotas desta convocatoria que constan no cadro do punto 2. son incompatibles con outras axudas coa mesma finalidade. Os/as residentes/colexiais que teñan concedido o compoñente de residencia da bolsa xeral do Ministerio de Educación e Formación Profesional (MEFP), deberán aboar a cota F. Se

desexan manter a cota subvencionada pola USC, deberán renunciar ao compoñente de residencia da bolsa do MEFP.

15. COMISIÓN DE GARANTÍAS

O Regulamento do SUR aprobado polo Consello de Goberno o 29 de xullo de 2015 regula no artigo 11 o funcionamento da Comisión de Garantías.

O estudiantado que non cumpra os mínimos académicos para a adxudicación ou renovación de praza por motivos excepcionais e por causas debidamente acreditadas de enfermidade, situacións familiares especiais ou outras causas extraordinarias, poderán presentar unha solicitude dirixida ao presidente da Comisión de Garantías **ata o día 21 de xullo de 2022**. Dita solicitude deberá ir acompañada cos documentos que xustifiquen a causa do incumprimento (causas de saúde: xustificadas co historial médico expedido polo facultativo de familia ou especialista do servizo público de saúde (SERGAS); motivos familiares: resolucións xudiciais, etc.).

Durante o prazo de reclamación ás cotas adxudicadas poderán presentar as alegacións que consideren oportunas dirixidas ao presidente da Comisión de Garantías.

As alegacións presentadas fóra do prazo establecido non serán tidas en conta. Contra a decisión adoptada pola Comisión de Garantías non caberá reclamación.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei da Xurisdición Contencioso-Administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, os/as interesados/as poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante este órgano. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A vicerreitora de Estudantes e Cultura
(P.D., R.R. do 21 de abril de 2022, DOG do 26 de abril)

Pilar Murias Fernández

TABOLEIRO ELECTRÓNICO DA USC

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: MARIA DEL PILAR MURIAS FERNANDEZ, VICERREITORA DE ESTUDANTES E CULTURA, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 24/05/2022 10:55:38.

CSV: 5DA6-933D-4A0D-969D